

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 28
DE FEBREIRO DE 2025**

Ás 10.00 horas do día 28 de febreiro de 2025, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto sétimo da orde do día e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 31 DE XANEIRO DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 31 de xaneiro de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 31 de xaneiro de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MUTACIÓN DEMANIAL OBXECTIVA OU INTERNA DO BEN INMOBLE DE TITULARIDADE PROVINCIAL EMPRAZADO NA RÚA PROGRESO 28 (OURENSE) E REFERENCIA CATASTRAL 3680010NG9837N0001DE: DE AFECTACIÓN AO SERVIZO PÚBLICO ADMINISTRATIVO, A AFECTACIÓN AO SERVIZO PÚBLICO DE COOPERACIÓN E ASISTENCIA ÁS EELL DA PROVINCIA EN MATERIA DO CICLO DA AUGA.

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Aprobar inicialmente o cambio de destino, mediante mutación demanial obxectiva ou interna, do inmoble que se describe:

- *Número 28 da rúa do Progreso da cidade de Ourense, con referencia catastral 3680010NG9837N0001DE, e cualificado no inventario provincial de bens como ben de dominio público, afectado a un servizo público (administrativo).*

Unha vez que acade eficacia o presente acordo, o inmovible quedará afectado e será destinado ao servizo público de cooperación e asistencia ás entidades locais da provincia en materia do ciclo da auga, acollendo o “Centro Intelixente para a xestión provincial da auga (AQUAOU), acordo que se adopta mediante mutación demanial interna ou obxectiva, sen que supoña cambio da súa natureza de ben de dominio público, afecto a un servizo público.

2º. Por considerar conveniente para os intereses públicos e a participación cidadá no presente expediente, e consonte ao previsto no artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, anunciar no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica provincial, polo prazo de un (1) mes, o acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamacións.

3º. Considerar aprobado definitivamente o acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións, ou, no seu caso, adoptar un novo acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

4º. Cando o acordo sexa definitivo, rectificar no Inventario de Bens, no Rexistro da Propiedade e en aqueles outros rexistros públicos en que sexa necesario, o cambio de destino efectuado no citado ben inmovible provincial.

5º. Facultar á Presidencia para a realización de todos os trámites e firma de todos os documentos para levar este acordo ao seu estrito cumprimento.

3º.- APROBACIÓN DA ACTUALIZACIÓN E RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO XERAL DE BENS E DEREITOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE A 31.12.2024

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar a actualización e rectificación anual do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Deputación Provincial de Ourense, coas baixas e altas que figuran no expediente administrativo electrónico de referencia, constituíndose o devandito inventario, resumido por epígrafes, ao 31 de decembro de 2024, da maneira seguinte:

Nº EPIGRAFE	TIPO BIEN	Nº BIENES	VALOR REAL	COSTE REPOSICIÓN	VALOR SEGURO
----------------	-----------	--------------	------------	---------------------	--------------

INMUEBLES					
11	URBANA	85	85.285.928,51 €	85.285.928,51 €	40.910.709,28 €
INMUEBLES					
12	RÚSTICA	379	146.536.163,84 €	146.543.534,84 €	15.373.014,28 €
13	VIALES	268	1.583.587.034,50 €	1.583.587.034,50 €	158.358.703,45 €
DERECHOS					
21	REALES	4	142.841,56 €	142.641,56 €	100.289,09 €
HISTÓRICO					
31	ARTÍSTICO	1769	5.523.939,19 €	5.639.010,28 €	5.632.055,28 €
VALORES					
41	MOBILIARIOS	8	22.697.726,03 €	22.697.726,03 €	22.697.726,03 €
51	VEHÍCULOS	317	7.905.501,70 €	8.707.951,67 €	8.322.751,67 €
61	SEMOVIENTES	5	65.370,00 €	65.370,00 €	65.370,00 €
71	MUEBLES	40241	18.970.819,69 €	20.114.321,35 €	20.114.321,35 €
81	REVERTIBLES	41	-	-	-
TOTAL		43117	1.870.715.325,02 €	1.872.783.518,74 €	271.574.940,43 €

O importe total do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a 31 de decembro de 2024 ascende a un valor real de mil oitocentos setenta millóns setecentos quince mil trescentos vinte e cinco euros con dous céntimos.

SEGUNDO: Que se remita a rectificación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, a data 31 de decembro de 2024, á Administración do Estado e á Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, en cumprimento do preceptuado no artigo 32 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO: Publicar a información debidamente actualizada no portal de transparencia provincial aos efectos de dar cumprimento á normativa aplicable.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2025 (PLAN COOPEROU 2025).

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12), BNG (3) e Democracia Ourensana (3) e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2025, nos seguintes termos:

1.- Modificar a base quinta (*Presentación e contido das solicitudes de adhesión*) en relación coa execución de obras en varias anualidades, de xeito que no apartado primeiro do punto 1.1.

Onde di:

- ✓ A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas.

Debe dicir:

- ✓ A denominación das obras deberá ser concreta e o suficientemente descritiva das actuacións (con expresa referencia ás principais unidades de obra para acometer) e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación e da rúa onde se leven a cabo estas. Neste sentido, debe indicarse concretamente o núcleo ou núcleos onde se actuará polo seu nome propio, sen que sexan admisibles referencias a unha “zona”, “barrio” ou “parroquia” ou referencias semellantes. Nas obras de mellora e conservación da rede viaria municipal, figurarán ademais os puntos quilométricos entre os que se executan estas. **Tratándose de obras completas executadas en varias anualidades, indicarse expresamente a anualidade que é obxecto de financiamento polo plan e o importe da dita anualidade.**

2.- Modificar a base oitava (*Modificación do plan provincial e utilización de remanentes*), co fin de racionalizar a tramitación administrativa e orzamentaria das modificacións do plan evitando o seu solapamento coas actuacións de análise e aprobación das contas xustificativas achegadas polas entidades beneficiarias, de xeito que engádese un último parágrafo coa seguinte redacción:

- ✓ **As solicitudes de modificación do plan provincial, tanto as relativas ó Programa de Investimentos coma as relativas ó Programa de Gasto Corrente**

e Amortización de Débeda, deberán presentarse no Rexistro Xeral da Deputación de xeito telemático ata as 23:59 horas do día 30 de setembro de 2025. O dito prazo terá carácter improrrogable.

3.- Modificar a base novena (*Xustificación da achega provincial*)) co fin de clarear a procedencia de achegar a acta de recepción nas actuacións incluídas no Programa de Investimentos, de xeito que

Onde di:

- ✓ Acta de recepción do investimento asinada polo representante legal do concello, polo contratista adxudicatario e, de ser o caso, polo director facultativo das obras.

Debe dicir:

- ✓ **Acta de recepción do investimento ou anualidade correspondente (no caso de obras completas executadas en varias anualidades)** asinada polo representante legal do concello, polo contratista adxudicatario e, de ser o caso, polo director facultativo das obras. **Non será preciso achegar acta de recepción do investimento nos supostos de execución e xustificación parcial do investimento ou anualidade regulados na base décima.**

4.- Modificar a base décima (*Pagamento da achega provincial e anticipos. reintegros e control financeiro das actuacións subvencionadas*) co fin de establecer estándares obxectivos para valorar o cumprimento da finalidade da que trae causa a concesión da subvención e fixar un límite ó importe dos anticipos ós efectos de evitar a incoación de expedientes de reintegro con devengo de intereses para a devolución de importes non xustificadas de escasa contía, de xeito que.

Onde di:

- ✓ No caso de que o investimento ou actuación subvencionada non quede xustificada polo importe total consignado no plan provincial, a achega provincial reducirase proporcionalmente.
- ✓ Non procederá o aboamento da achega provincial sempre que non conste acreditado no expediente o cumprimento da finalidade que motivou a súa concesión. En todo caso, non se considerará cumprida a dita finalidade cando o importe xustificado non acade, polo menos, o 25% do importe do investimento ou actuación subvencionada.

Debe dicir:

- ✓ No caso de que o investimento ou actuación subvencionada non quede xustificado polo importe total consignado no plan provincial **e sen prexuízo do disposto no apartado seguinte**, a achega provincial reducirase proporcionalmente.
- ✓ Non procederá o aboamento da achega provincial sempre que non conste acreditado no expediente o cumprimento da finalidade que motivou a concesión da subvención. **No Programa de Gasto Corrente e Amortización de Débeda, non se considerará cumprida a dita finalidade cando o importe xustificado non acade, polo menos, o 25% do importe do orzamento da actuación subvencionada. En canto ó Programa de Investimentos, tratándose de obras e de servizos vinculados á súa execución (dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde) non se considerará cumprida a dita finalidade cando o importe xustificado non acade, polo menos, o 75% do importe resultante da adxudicación (referido, de se-lo caso, á anualidade correspondente). Nestes supostos de execución parcial de obras e de servizos vinculados á súa execución, non será preciso para a xustificación da subvención a achega da acta de recepción establecida na base novena. En calquera outro suposto, no Programa de Investimentos non se considerará cumprida a finalidade se non se acredita a execución do 100% do importe resultante da adxudicación e, de se-lo caso, modificación do contrato correspondente.**

E onde di:

- ✓ Sen prexuízo do anterior e de conformidade co disposto no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación Provincial, logo da aprobación definitiva do plan provincial, poderán realizarse pagos anticipados por resolución da Presidencia provincial, a instancia dos concellos beneficiarios, por importe de ata o 100% da achega correspondente

Debe dicir:

- ✓ Sen prexuízo do anterior, logo da aprobación definitiva do plan provincial, poderán realizarse pagos anticipados por resolución da Presidencia provincial, a instancia dos concellos beneficiarios, e **por un importe de ata o 90% da achega provincial correspondente a cada programa**

SEGUNDO.- Someter el Plan a información pública mediante anuncio no BOP, para que se poidan formular alegacións ou reclamacións durante o prazo de 10 días. Se se presentan alegacións ou reclamacións o Plan debe ser sometido novamente á Corporación Provincial para o acordo de aprobación definitiva.

No caso de que non se presenten alegacións ou reclamacións, o Plan entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2025 (PLAN COOPEROU 2025)

D.ª Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2025, nos seguintes termos:

Actuacións por entidade e financiamento

1.- Concello de **Allariz: 2024/17207A**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora e conservación da rede viaria	36.660,00	34.502,22	2.157,78
Pavimentación Grupo San Benito	48.000,00	48.000,00	0,00
Cambio cuberta piscina climatizada	45.800,00	45.800,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Amortización préstamo Santander - ICO	194.428,96	192.453,33	1.975,63

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

2.- Concello de **Amoeiro: 2024/17208G**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
<i>Pavimentación e mellora de drenaxe da estrada municipal Priorato Bacurín</i>	73.000,00	73.000,00	0,00
<i>Reparación de piscina sen baleirado, localización de fugas</i>	2.904,00	2.695,93	208,07

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
<i>Gastos correntes para o servizo de competencia municipal de alumeado público</i>	113.543,89	113.543,89	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
<i>Non formula solicitude</i>	

3.- Concello de **Arnoia: 2024/17177L**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
<i>Reforma campo de fútbol A Queixeira</i>	464.215,00	45.000,00	419.215,00
<i>Mantemento e conservación de infraestruturas municipais</i>	15.300,00	15.300,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos persoal municipal	90.351,01	90.351,01	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

4.- Concello de **Avión: 2024/17209M**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Arranxo camiño no núcleo de Caseiro	77.000,00	70.000,00	7.000,00
Arranxo camiño no núcleo de Barroso	44.000,00	40.000,00	4.000,00
Arranxo camiño no núcleo de Beresmo	60.500,00	55.000,00	5.500,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Fomento do emprego	33.807,85	33.807,85	0,00
Amortización de débeda	12.500,00	11.692,06	807,94

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

5.- Concello de **Baltar: 2024/17210Y**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
--------------	-------------------	---------------------	--------------------

<i>Pavimentación en camiños e restauración de muros en A Boullosa</i>	30.000,00	30.000,00	0,00
<i>Pavimentación de estrada Montecelo – Portugal e camiño en Baltar</i>	40.000,00	40.000,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Gastos de persoal nova contratación</i>	40.000,00	40.000,00	0,00
<i>Gastos persoal laboral fixo/funcionario do Concello</i>	23.058,38	23.058,38	0,00
<i>Monitores de tempo libre para a execución de actividades culturais</i>	10.000,00	10.000,00	0,00
<i>Profesores escola de música</i>	5.000,00	5.000,00	0,00
<i>Festa popular: iluminación zona de celebración</i>	2.000,00	2.000,00	0,00
<i>Andainas culturais: avituallamento</i>	2.000,00	2.000,00	0,00
<i>Xornada de intercambio cultural con Portugal: degustación produtos típicos</i>	1.000,00	1.000,00	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

6.- Concello de **Bande: 2024/17212P**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Adecuación de espazo para instalación de equipamentos biosaudables</i>	20.000,00	20.000,00	0,00
<i>Ampliación de parque infantil de</i>	32.700,00	32.700,00	0,00

<i>Bande</i>			
<i>Sistema de cloración e depósito en Casa do Baño</i>	9.600,00	9.600,00	0,00
<i>Instalación de caseta ou container para a colocación de sistema de cloración e depósito en Casa do Baño</i>	7.000,00	7.000,00	0,00
<i>Equipamento lavandería albergue</i>	2.000,00	2.000,00	0,00
<i>Reparación camiños Lueda</i>	10.504,24	10.504,24	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Gasto derivado do mantemento, reparación e subministro eléctrico. Subministro eléctrico en instalacións municipais e alumado público</i>	42.706,36	42.706,36	0,00
<i>Gastos de Persoal</i>	80.000,00	80.000,00	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

7.- Concello de **Baños de Molgas: 2024/17214X**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Rexeneración de firme nos núcleos de Baños de Molgas e Marzás</i>	31.184,83	31.184,83	0,00
<i>Rexeneración de firme no núcleo de Almoite</i>	48.000,00	48.000,00	0,00
<i>Rexeneración de firme en Froufe e Alvite</i>	34.100,00	34.100,00	0,00
<i>Honorarios redacción proxectos,</i>	10.000,00	10.000,00	0,00

<i>dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde das obras descritas anteriormente</i>			
---	--	--	--

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Gastos de persoal</i>	<i>20.000,00</i>	<i>20.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Subministro eléctrico</i>	<i>50.000,00</i>	<i>50.000,00</i>	<i>0,00</i>

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

8.- Concello de **Barbadás**: **2024/17215B**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Rehabilitación de firme estrada Barxa-Vistahermosa</i>	<i>94.000,00</i>	<i>62.582,47</i>	<i>31.417,53</i>
<i>Rexeneración de firme de pista en Santa Uxía</i>	<i>82.300,00</i>	<i>82.300,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Rexeneración de firme da pista A Parada-San Bieito</i>	<i>80.150,00</i>	<i>80.150,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Remodelación do parque Lucinda na rúa do Cobo ,O Fonsillón</i>	<i>69.343,61</i>	<i>69.343,61</i>	<i>0,00</i>
<i>Rede de pluviais e mellora da rúa A Chaira</i>	<i>67.000,00</i>	<i>67.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Rehabilitación firme rúa Fonsillón</i>	<i>30.000,00</i>	<i>30.000,00</i>	<i>0,00</i>

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Non formula solicitude			

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

9.- Concello de **Barco de Valdeorras (O): 2024/17350P**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Renovación de pavimento e infraestruturas en Cesures, Fervenza e Millarouso	260.000,00	182.619,47	77.380,53

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
SOGAMA	287.727,41	273.929,19	13.798,22

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

10.- Concello de **Bede: 2024/17216N**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
ISF Pavillón Concello de Bede	74.287,94	29.715,17	44.572,77
Acondicionamento de camiños en Bede	15.484,83	15.484,83	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos de persoal municipal	67.300,34	67.300,34	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

11.- Concello de **Beariz: 2024/17218Z**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pavimentación de camiños en A Ermida e Muradás	40.000,00	40.000,00	0,00
Acondicionamento camiños Bouza – Garfián e Magros	30.000,00	30.000,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Ensanche estrada Iglesiasio	20.000,00

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos de persoal	40.000,00	40.000,00	0,00
Gastos de subministro eléctrico	47.264,49	47.264,49	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

12.- Entidade Menor de **Berán: 2025/67Y**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Acondicionamento camiño O	16.300,00	16.300,00	0,00

<i>Moredo Fase II</i>			
<i>Acondicionamento camiño A Moreira – O Pazo</i>	<i>21.700,00</i>	<i>21.700,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Servizo de profesionais independentes</i>	<i>3.000,00</i>	<i>3.000,00</i>	<i>0,00</i>

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Contratación de servizo de limpeza e roza</i>	<i>12.000,00</i>	<i>12.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Contratación do servizo de actividades lúdicas para a mocidade</i>	<i>3.000,00</i>	<i>3.000,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Imposto de bens inmobles</i>	<i>8.530,87</i>	<i>8.530,87</i>	<i>0,00</i>
<i>Servizo de alarma</i>	<i>680,00</i>	<i>680,00</i>	<i>0,00</i>
<i>Subministro de electricidade</i>	<i>900,00</i>	<i>900,00</i>	<i>0,00</i>

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

13.- Concello de **Blancos (Os): 2024/17456E**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Arranxo de pistas e limpeza de foxos</i>	<i>20.021,18</i>	<i>20.021,18</i>	<i>0,00</i>
<i>Humanización en Noveas e pavimentación de rúas en Covas</i>	<i>42.000,00</i>	<i>42.000,00</i>	<i>0,00</i>

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Amortización de débeda	15.000,00	15.000,00	0,00
Empregabilidade	40.000,00	40.000,00	0,00
Mocidade	8.000,00	8.000,00	0,00
Limpeza e mellora de camiños	5.000,00	5.000,00	0,00
Amortización de créditos	15.000,00	15.000,00	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

14.- Concello de **Boborás**: 2024/17261B

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pavimentación viario interior en Vilachá	48.000,00	48.000,00	0,00
II Fase de humanización da praza da igrexa de Santa Mariña de Moreiras	48.000,00	48.000,00	0,00
Pavimentación de acceso ao núcleo de Astureses	48.000,00	48.000,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos de persoal	78.393,91	78.393,91	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

15.- Concello de **Bola (A)**: 2024/17186M

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Saneamento Casanova Fase I e reparación depuradora Pardavedra	48.000,00	48.000,00	0,00
Saneamento Casanova Fase II	48.000,00	48.000,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Rede de depuradoras no concello de A Bola	48.000,00

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mantemento depuradoras e produtos potabilizadora	18.000,00	18.000,00	0,00
Servizos técnicos de urbanismo, asesoramento xurídico, xestións laborais, mantementos informáticos	34.820,31	34.820,31	0,00
Subministración de combustible para maquinaria, concello e centro de saúde e reparación/mantemento de vehículos e maquinaria municipal.	20.000,00	20.000,00	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Mantemento e reparación das luminarias públicas	10.507,56

16.- Concello de **Bolo (O): 2024/17351D**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pavimentación de camiños en Celeiros	53.656,74	53.656,74	0,00
Arranxo da estrada Chaodocastro - Valdanta	76.343,26	76.343,26	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Contratación dun peón e un condutor rozadoira	33.942,42	33.942,42	0,00
Gastos derivados da organización e celebración da "Estoupa do Xudas"	1.584,74	1.584,74	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

17.- Concello de Calvos de Randín: 2024/17262N

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mellora da pavimentación en Castelaus	41.912,81	41.912,81	0,00
Mellora da pavimentación en Randín	38.778,73	38.778,73	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Obradoiro de emprego	10.000,00	10.000,00	0,00
Alumeado público	30.000,00	30.000,00	0,00
Seguros	10.000,00	10.000,00	0,00
Avarías de maquinaria	10.000,00	10.000,00	0,00
Subministro de combustible	15.000,00	15.000,00	0,00
Avarías alumeado	8.871,97	8.871,97	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

18.- Concello de **Carballeda de Avia: 2024/17263J**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Rehabilitación de edificación para Centro Social Multiusos en Muimenta	489.596,75	25.000,00	469.596,75
Instalación de autoconsumo colectivo para comunidade enerxética de Carballeda	69.980,91	27.868,72	41.803,08
Rehabilitación enerxética de velorio biblioteca de Carballeda	89.569,23	15.000,00	74.569,23

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Programa de amortización de débeda	15.000,00	15.000,00	0,00
Contratación de persoal	60.000,00	60.000,00	0,00
Mantemento de instalacións municipais	21.296,44	21.296,44	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

19.- Concello de **Carballeda de Valdeorras: 2024/17265S**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pavimentación da estrada de Carballeda a Puzmazán entre o p.k.3.933 e o p.k 4.315	42.500,00	42.500,00	0,00
Pavimentación de acceso ao núcleo de Bascois dende o p.k 1.400 da estrada de Carballeda a Puzmazán	40.000,00	40.000,00	0,00
Pavimentación e acondicionamento da fonte da rúa "Fonte de Abaixo" de Viladequinta	48.000,00	40.090,00	7.910,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Campamento de verán e outras actividades	10.000,00	10.000,00	0,00
Prestación do servizo complementario á prestación de servizos sociais denominado: tratamentos terapéuticos para persoas maiores	13.000,00	13.000,00	0,00
Realización de traballos ambientais	33.000,00	33.000,00	0,00
Gastos de persoal laboral: auxiliar administrativo	19.000,00	19.000,00	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

20.- Concello de **Carballiño (O): 2024/17352X**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Melloras estruturais na fontanaría	50.000,00	50.000,00	0,00

<i>e nos aseos da piscina municipal</i>			
<i>Melloras estruturais nas instalacións da biblioteca municipal</i>	30.000,00	30.000,00	0,00
<i>Arranxo praia e piscina infantil da piscina municipal</i>	50.000,00	50.000,00	0,00
<i>Adquisición de mobiliario urbano</i>	32.475,52	32.475,52	0,00
<i>Actividades e mantemento de instalacións deportivas</i>	20.000,00	20.000,00	0,00
<i>Obras de eficiencia climática na casa do legoeiro</i>	40.000,00	40.000,00	0,00
<i>Mantemento de xardíns</i>	20.000,00	20.000,00	0,00
<i>Actuacións en medio rural</i>	20.000,00	20.000,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Reforzo das actividades culturais</i>	30.000,00	30.000,00	0,00
<i>Subministro eléctrico do Concello</i>	190.000,00	190.000,00	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

21.- Concello de **Cartelle**: 2024/17287Z

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Asfaltado de camiños Ulfe a Ponte Grande e Ulfe a Estrada da Granxa</i>	47.811,77	47.811,77	0,00
<i>Mellora de viarios municipais en Teixugueiras, Lagoa e A Seara</i>	48.000,00	48.000,00	0,00
<i>Arranxo de camiños Seara - San Tomé, Seara - Outumuro e acceso á igrexa o Mundil</i>	47.902,25	47.902,25	0,00

Conservación e mellora de camiños municipais de acceso a Prado e Sabucedo	29.111,57	29.111,57	0,00
---	-----------	-----------	------

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Actividades culturais e recreativas para o exercicio 2025	8.000,00	8.000,00	0,00
Actividades físico-deportivas para o exercicio 2025	15.000,00	15.000,00	0,00
Actuacións en materia de empregabilidade para o exercicio 2025: contratación de persoal de reforzo aos servizos municipais	10.498,15	10.498,15	0,00
Actuacións de limpeza, rozas, mantemento e conservación das vías e espazos públicos municipais	20.000,00	20.000,00	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

22.- Concello de **Castrelo de Miño: 2024/17288S**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Mantemento camiño Meizo - Ramiras pK 2+046 a pK 2+202 e do enlace de Freás a Troncoso	48.000,00	48.000,00	0,00
Mantemento muros accesos a Santo Estevo	48.000,00	48.000,00	0,00
Redacción de proxectos	12.616,00	12.616,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €

Non formula solicitude	
------------------------	--

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Gastos de persoal programa empregabilidade	19.492,41	19.492,41	0,00
Amortización anual de prestamos	98.300,45	20.824,98	77.475,47
Gastos de persoal da propia administración	24.541,84	11.747,72	12.794,12
Catering da vivenda comunitaria	26.042,40	21.725,88	4.316,52

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

23.- Concello de **Castrelo do Val: 2024/17289Q**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Pavimentación rúa O Poulón, en Castrelo do Val	33.225,17	33.225,17	0,00
Pavimentación rúa Os Espereiros, en Gondulfes	23.295,00	23.295,00	0,00
Redacción de proxecto técnico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "pavimentación rúa O Poulón, en Castrelo do Val	3.146,00	3.146,00	0,00
Redacción de proxecto técnico, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde da obra "Pavimentación rúa Os Espereiros, en Gondulfes"	2.057,00	2.057,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Plan municipal empregabilidade	62.500,00	62.500,00	0,00
Retribucións de persoal	30.084,76	30.084,76	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

24.- Concello de **Castro Caldelas**: 2024/17290V

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Proxecto de pavimentación do núcleo de San Martiño	44.500,00	44.500,00	0,00
Actuacións de mantemento e conservación de vías de titularidade municipal	23.000,00	23.000,00	0,00
Honorarios para redacción de proxectos, dirección de obra e coordinación en materia de seguridade e saúde	6.200,00	6.200,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Secretaría	33.729,36	33.729,36	0,00
Funcionarios(2)	31.229,24	31.229,24	0,00
Persoal laboral(3)	57.965,39	44.820,18	13.145,21

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

25.- Concello de **Celanova: 2024/17291H**

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Substitución da iluminación do campo de fútbol de herba artificial do concello de Celanova	18.039,90	18.039,90	0,00
Reparación de estradas de acceso a A Carballeira e interior de núcleos rurais de Mourillós, Feal de Ansemil, Rabal da Igrexa e Rabal de Arriba	48.000,00	48.000,00	0,00
Repintado da sinalización horizontal da Vila de Celanova. Pasos de peóns	16.320,00	16.320,00	0,00
Adecuación do entorno da praza Cervantes	15.000,00	15.000,00	0,00
Delimitación do aparcadoiro, con colocación de carteis turísticos e informativos no aparcadoiro municipal provisional "As Traseiras"	11.500,00	11.500,00	0,00
Subministro e colocación de céspede artificial entorno pavillón/aparcadoiro das Trigueiras	14.585,00	14.585,00	0,00
Adquisición de lavadora e secadora profesional para o Albergue municipal de Celanova	7.607,00	7.607,00	0,00
Ampliación beirarrúa na Avenida Francisco González Rey	12.084,30	12.084,30	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

Denominación	Orzamento Total €
Non formula solicitude	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda con achega provincial

Denominación	Orzamento Total €	Achega provincial €	Achega municipal €
Suplemento económico para sufragar os gastos xerados do	115.00,00	115.000,00	0,00

<i>alumeado público</i>			
<i>Suplemento económico para sufragar os gastos xerados de material eléctrico</i>	22.000,00	22.000,00	0,00
<i>Suplemento económico de combustibles e carburantes para vehículos e maquinaria municipal</i>	18.000,00	18.000,00	0,00
<i>Suplemento económico de combustibles e carburantes para calefacción dos edificios municipais (pavillóns de deporte, auditorio e albergue)</i>	15.133,80	15.133,80	0,00

Gastos a incluír no Programa de gasto corrente e amortización de débeda sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

26.- Concello de Cenlle: 2024/17292L

PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos con achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>	<i>Achega provincial €</i>	<i>Achega municipal €</i>
<i>Mellora de acceso a Pena</i>	48.000,00	48.000,00	0,00
<i>Ampliación do servizo de saneamento en Lagarelos</i>	33.546,32	33.546,32	0,00
<i>Pavimentación de camiño a Gandarela</i>	11.990,05	11.990,05	0,00
<i>Recollida de pluviais en Cuñas</i>	16.000,00	16.000,00	0,00
<i>Traballos realizados por profesionais</i>	10.000,00	10.000,00	0,00

Investimentos a incluír no Programa de Investimentos sen achega provincial

<i>Denominación</i>	<i>Orzamento Total €</i>
<i>Non formula solicitude</i>	

PROGRAMA DE GASTO CORRENTE E AMORTIZACIÓN DE DÉBEDA

O presente convenio terá unha duración de catro anos, contados a partir da data da súa formalización podendo prorrogarse nos termos e prazos establecidos na Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

6ª) Eficacia temporal das delegacións de competencia contidas no presente convenio.-

As delegacións de competencias outorgadas á Deputación Provincial a través do presente convenio producirán efecto nos seguintes termos:

a) A delegación do exercicio das competencias para preparar o expediente de contratación terá efectos a partir do día seguinte ao da formalización do convenio.

b) A delegación do exercicio das competencias para licitar e adxudicar o contrato do servizo, terá efectos a partir do día seguinte ao da adopción polo órgano municipal competente do acordo de conformidade co proxecto de expediente de contratación.

7ª) Causas de resolución do convenio.

O presente convenio resolverase polas causas establecidas no artigo 51 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

En caso de resolución anticipada do convenio, os concellos subrogaranse nos contratos delegados adxudicados pola Deputación.

8ª) Comisión de seguimento, control e vixilancia.

Establécese unha comisión de seguimento, control e vixilancia paritaria do convenio, que estará integrada polo deputado – delegado con delegación especial nesta materia e un representante de cada concello designado polos respectivos alcaldes.

A comisión estará asistida polo director da Área de Medio Ambiente, a xefa de servizo de Medio Ambiente e o xefe da Sección de Augas, con voz pero sen voto.

Os representantes dos concellos poderán asistir ás sesións acompañados de membros do goberno municipal ou técnicos asesores.

Actuará como secretaria da comisión a xefa do Gabinete de asesoría xurídica e asistencia a municipios, coas funcións propias da secretaría de órgano colexiado.

A comisión de seguimento reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo polos concellos, conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

Serán de aplicación ao funcionamento da comisión as normas sobre órganos colexiados recollidas na sección 3ª do capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sen prexuízo de que a comisión poida establecer as súas propias normas de funcionamento.

9ª) Réxime xurídico.

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondendo á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción, así como respecto dos actos de aplicación adoptados pola comisión ou polas administracións públicas que o subscriben.

2. Ordenar que se publique este convenio no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica desta Deputación Provincial e se inscriba no Rexistro de Convenios da Deputación Provincial de Ourense.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA Á PROBLEMÁTICA TRIBUTARIA DOS ENCOROS TRANSFRONTEIRIZOS E A VALORACIÓN CATASTRAL DAS CENTRAIS HIDROELÉCTRICAS

A esta moción presentou unha emenda de adición o Grupo Socialista, que é rexeitada polo grupo propoñente da moción.

D^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

España é o país europeo con máis grandes presas, un total de 1225. Estas grandes infraestruturas construíronse ao longo do século XX para poder atender as necesidades dunha sociedade que ía evolucionando, contribuíndo así ao desenvolvemento económico e social do noso país.

Pero en todo este proceso de desenvolvemento e industrialización non se analizou nin valorou o impacto económico, social e ambiental que estas infraestruturas produciron nos territorios onde se implantaron, zonas rurais de todo o país. “Zonas cedentes” dun recurso natural fundamental para o desenvolvemento, a auga.

A lei 51/2002 de 27 decembro, de reforma da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, garantiu a moitos concellos unha tributación xusta, derivada do Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.) e coa creación dos Bens Inmóveis de Características Especiais pola lei 48/2002, do 23 de decembro, do Catastro Inmobiliario, derivada do Imposto de Bens Inmóveis de Características Especiais (B.I.C.E.)

Pero non todos os Concellos afectados pola construción dun encoro perciben unha tributación xusta. O I.A.E. e o B.I.C.E. unicamente tribútanse naquelas infraestruturas hidroeléctricas cuxa explotación corresponde a España.

Porque desde o Tratado de Límites de 1864, España e Portugal regularon a xestión compartida dos recursos hídricos nos ríos fronteirizos. No convenio de 1927 sobre o tramo internacional de río Douro establecéronse as primeiras disposicións sobre o uso compartido dos desniveis e as infraestruturas hidráulicas, sentando as bases dunha cooperación internacional para a súa xestión conxunta. Pero é o convenio de Albufeira de 1998 onde se consolidan estes esforzos, adoptando un enfoque integral para a protección e o aproveitamento sostible das augas compartidas, conforme aos principios do dereito internacional e comunitario. Con todo, estes acordos en ningún momento abordaron as implicacións económicas e tributarias para os municipios situados nas zonas afectadas.

Así, no Convenio de Albufeira recóllense os seguintes encoros transfronteirizos: Lindoso, Salas, Picote, Bemposta, Aldeadávila, Saucelle, Pocino, Cedillo, Abrilongo, Alcarrache, Chanza e Miranda, que non aparece, pero si consta.

Deles, Lindoso, que en Ourense afecta aos concellos de Lobios e Entrimo, Picote (Zamora), Bemposta (Zamora), Miranda (Zamora), Pocino (Salamanca) e Abrilongo (Badaxoz) explótanse desde Portugal, polo que, de acordo á lexislación vixente, ningún dos 12 concellos afectados por estes encoros con hectáreas asolagadas e limitacións ambientais,

non perciben ningún tipo de ingreso derivado desta grave afección. O resto, un total de 25 Concellos, como as centrais explótanse desde España, perciben os ingresos derivados de I.A.E. e B.I.C.E.

A situación é claramente inxusta e xera un gran agravio comparativo. Xuridicamente non cabe a percepción destes impostos, pero si se poden buscar fórmulas que permiten a estes concellos algunha compensación económica polas afeccións que sofren, unha compensación baseada en criterios obxectivos como os que valoran os B.I.C.E.

Por outra banda esta a polémica valoración catastral das centrais hidroeléctricas, dado que segundo o R.D. 1464/2007 non esta determinada en función da súa potencia instalada, como nos outros tipos de centrais de produción eléctrica como as térmicas ou nucleares, incluíndo coa mesma valoración tamén as de produción solar ou eólica, se non que vai determinado pola obra civil da infraestrutura, co que o seu valor catastral e menor, tendo como consecuencia unha menor tributación no B.I.C.E. nos concellos nos que están situadas, véndose notablemente prexudicados o minorar a súa recadación.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1. Instar o Goberno de España a que estude as posibilidades de establecer compensacións económicas aos concellos con encoros transfronteirizos que non tributan en España.*
- 2. Trasladar este acordo aos Concellos afectados co obxecto de que adopten os acordos que consideren oportunos para lograr esta compensación.*
- 3. Remitir aos diferentes Grupos Políticos do Congreso esta problemática.*
- 4. Instar o Goberno de España a que modifique o R.D. 1464/2007, no que se establece un sistema de valoración uniforme para as construcións de centrais eléctricas térmicas e nucleares, coa inclusión no mesmo das centrais hidroeléctricas, coa retroactividade que permita a normativa vixente.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción do Grupo Popular e co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de DO (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Goberno de España a que estude as posibilidades de establecer compensacións económicas aos concellos con encoros transfronteirizos que non tributan en España.

2. Trasladar este acordo aos concellos afectados co obxecto de que adopten os acordos que consideren oportunos para lograr esta compensación.
3. Remitir aos diferentes Grupos Políticos do Congreso esta problemática.
4. Instar ao Goberno de España a que modifique o R.D. 1464/2007, no que se establece un sistema de valoración uniforme para as construcións de centrais eléctricas térmicas e nucleares, coa inclusión no mesmo das centrais hidroeléctricas, coa retroactividade que permita a normativa vixente.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A ADOPCIÓN DUN PLAN DE DESENVOLVEMENTO DO SECTOR MINEIRO NA PROVINCIA DE OURENSE

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

A provincia de Ourense ten un notable potencial mineiro, con importantes xacementos minerais industriais e metálicos, pero tamén de terras raras. Estudos e proxectos reflicten o interese e a investigación arredor do potencial mineiro, que vai desde minerais industriais até materias primas críticas para as actuais tecnoloxías. Entre os recursos máis destacados sitúanse o granito e a lousa, erixíndose Ourense coma un dos principais produtores do Estado, sendo materiais moi demandados na construción, cubertas e revestimentos en España e no estranxeiro. Tamén hai importantes continxentes de cuarzo, que se explota nomeadamente na industria do vidro e da cerámica, así como estaño e volframio, se ben a súa explotación ten diminuído nos últimos tempos. Doutra banda, tamén se constatan depósitos de terras raras, sendo a súa explotación apenas incipiente. A lousa e o granito son as industrias máis activas, non recibindo os xacementos metálicos e de minerais estratéxicos suficiente atención nin investimentos. Falta de iniciativa e atención públicas, amais da carencia de infraestruturas teñen limitado o seu desenvolvemento, resultando que a minería da provincia atópase infraexplotada en comparación coas súas capacidades reais. Proxectos en curso e estudos recentes dan conta das posibilidades da minería na provincia de Ourense. Recursos Minerales de Galicia, S.A., filial do Grupo SAMCA, presentou o proxecto Mina Doade, que contempla unha explotación subterránea sobre unha superficie de 13,62 Ha. e unha planta de tratamento litio e feldespato na zona de Doade-Beariz. O Instituto Xeolóxico e Mineiro de España ten realizado estudos na Conca de Maceda, identificando o seu interese para a explotación de arxilas comúns. A provincia posúe alomenos sete materias primas consideradas “críticas” pola UE debido á súa importancia económica e as dificultades e riscos inherentes no seu subministro, ao provir maioritariamente de países en conflito. Estes minerais son esenciais para a fabricación de

baterías de coches eléctricos e paneis solares, senso susceptible a súa explotación de situar a Ourense coma referente na produción de materiais estratéxicos para tecnoloxías emerxentes. Neste senso, a empresa canadiana IberAmerican Lithium ten reivindicado o potencial de Galicia e o norte de Portugal para converterse no principal centro europeo de produción de litio. A compañía, que se fixo co 100% dos dereitos dos xacementos de Alberta II e Carlota no concello de Avión, considera a Ourense o epicentro do “cinto do litio” europeo.

No Pleno de xuño de 2024 desta Deputación, o Grupo Provincial Socialista xa presentou unha moción “para atender os efectos do peche provisional da Mina de Penouta e avaliar as oportunidades ofrecidas polas economía dos metais raros”. O xacemento, recoñecido coma o único en Europa onde se extrae coltán (columbita-tantalita), esencial para a fabricación de compoñentes electrónicos, é o exemplo palpábel dun negativo impacto económico e social derivado dunha deficiente xestión por parte da Xunta de Galicia, mentres a Deputación de Ourense se desentende e mira para outro lado. O peche de Penouta resulta fatal para a comarca de Viana do Bolo, deixando sen fonte de sustento directo a 129 familias, así como empresas auxiliares e de servizos, estimando os sindicatos que se crean até tres postos indirectos por cada traballador da explotación. A Xunta nunca albiscou o auténtico potencial de dispor dunha explotación de coltán respectuosa da entorna e ben xestionada, capaz de aportar recursos de elevado valor engadido e prosperidade a toda unha comarca. Unha mina apuxada a ser fonte de riqueza para a provincia, susceptible de atraer investimentos cualificados, capaces de dinamizar o tecido produtivo, devindo un polo de especialización industrial estratéxico, xerando novas infraestruturas e pulando do desenvolvemento até mesmo reverter tendencias de despoboamento e envellecemento.

A potenciación do sector da minería de xeito sustentable está chamado a ser un vector de diversificación económica provincial, reducindo a dependencia do sector servizos e agropecuario, xerando unha meirande estabilidade e incrementado o PIB de Ourense. Da manda da minería crearíanse milleiros de postos de traballo directos e indirectos, tanto nas actividades extractivas coma en todo o tecido económico asociado, que inclúe o procesamento, o transporte e absolutamente toda a pléiade de servizos asociados. En último termo, a minería baseada en modelos sustentables e respectuosos da entorna certamente pode contribuír a fixar poboación no rural, freando o éxodo ás cidades, ao tempo que atrae novos e cuantiosos investimentos e progreso tecnolóxico á provincia, servindo de revulsivo para a mellora de comunicacións e infraestruturas, así coma o reforzo sen paliativos dos servizos dirixidos á veciñanza. A conclusión é clara: Ourense ten un gran

potencial mineiro que, ben orientado e xestionado, está chamado a traducirse en riqueza e emprego, mellorando as condicións de vida da xente. Porén, isto precisa dunha visión estratéxica que dote de equilibrio ás explotacións e sustentabilidade, non podendo a Deputación de Ourense quedarse á marxe.

*No seu estudo *Bajo Tierra* (2024, Editorial Arpa), o economista carballiñés Adrián Godás sostén que non é posible a transición enerxética sen minería. Os poderes públicos competentes son a chave na regulación, promoción e supervisión da actividade mineira. A Deputación ten a obriga de reflexionar e aportar iniciativas para que a nosa provincia deixe de languidecer, exercendo un rol de guía e motor, buscando axudas e atraendo investimentos. Compete efectivamente á Xunta de Galicia a xestión dos permisos de exploración e explotación, velando polo respecto da regulación medioambiental e laboral. Existen partidas de subvencións e axudas para “proxectos estratéxicos”, como a minería de litio e terras raras. Hai fondos comunitarios para a transición ecolóxica e recuperación de antigas concas mineiras. Tamén hai subvencións de apoio para a innovación e a tecnoloxía cara unha minería máis eficiente e menos contaminante. Hai exemplos abondo no mundo do rol dos poderes públicos subestatais para promover a explotación ordenada dos recursos minerais e garantir beneficios para as comunidades locais sen comprometer o medio ambiente, tanto en España (Mina de San José de Valdeflórez, en Extremadura) coma en Europa (implicación do goberno de Sajonia-Anhalt, en Alemaña, captando fondos europeos para reactivar minas e reducir o impacto ambiental) e América (gobernos de Ontario e Quebec despregan programas de apoio á explotación mineira).*

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- Demandar da Deputación de Ourense a adopción dun Plan Provincial para o Desenvolvemento do Sector Mineiro (MineOU), con obxectivos claros e dotado de recursos suficientes para, entre outros, elaborar un catálogo de recursos mineiros e dar conta do estado do sector na provincia, establecer áreas prioritarias, e promover campañas de atracción de investimentos e captación de fondos nacionais, comunitarios e internacionais.

SEGUNDA.- Demandar da Xunta de Galicia á posta en marcha de mecanismos de coordinación que permitan a participación de representantes da Deputación de Ourense, dos concellos e colectivos afectados por calquera iniciativa, notificación de interese e proxecto de prospección ou explotación mineira que teña lugar dentro dos límites territoriais da provincia.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (7), a abstención do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

9º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA GARANTIR A ESTABILIDADE E VIABILIDADE DAS CASAS NIÑO DA PROVINCIA DE OURENSE.-

A esta moción presentou unha emenda de engádegas o BNG, que é rexeitada polo grupo propoñente da moción.

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

As “casa niño” son un modelo de atención dirixido a nenas e nenos de 0 a 3 anos, deseñado para municipios rurais de Galicia onde, por mor da baixa densidade de poboación, non resultan viables os servizos habituais de atención á primeira infancia. Este tipo de iniciativas aspiran a facilitar a conciliación familiar e laboral, ofrecendo unha entorna segura e adaptada para o desenvolvemento temperá dos máis novos. Xestionadas por profesionais autónomos, que ofrecen atención personalizada nun ambiente 100% familiar, cada casa e quen de atender ata cinco nenos de xeito simultáneo. A Xunta de Galicia financia a posta en marcha e o funcionamento destas instalacións, sendo crucial o rol do goberno autonómico na sustentabilidade das casas niño. A Consellería de Política Social e Igualdade ten incrementado o monto da súa contribución até os 29.000 euros anuais, introducindo unha aportación adicional de 1.500 euros para a renovación de equipamentos, se ben este monto apenas cubre os gastos operativos, ameazando a continuidade deste servizo esencial do noso rural.

Na provincia de Ourense as casas niño desenvolven un papel crucial na atención á infancia e á conciliación familiar, contribuíndo mesmo a fixar poboación, nomeadamente nas zonas máis despoboadas. Porén, os profesionais que xestionan estas instalacións teñen que facer fronte a dificultades económicas, sen apenas marxe de beneficio nin para afrontar eventuais imprevistos, sendo recorrentes as situacións de acentuada inestabilidade financeira. O aumento de custos operativos e gastos como os relacionados coa enerxía ou os seguros dificulta a xestión cotiá das casas niño, entoxándose insuficiente o feble incremento anual do 5% nas aportacións contemplado pola Xunta para este exercicio. A ausencia de persoal de substitución durante os períodos de baixa, enfermidade ou permiso tamén ameaza á propia subsistencia das e dos responsables das casas niño, implicando a interrupción do servizo.

Doutra banda, a baixa densidade de poboación nalgúns zonas rurais limita a demanda das casas niño, comprometendo a súa viabilidade a medio e longo prazo.

A Xunta de Galicia establece as bases reguladoras e convoca axudas para posta en marcha das casas niño, dirixidas a profesionais que desexen ofrecer este servizo en concellos rurais. Esíxese unha formación ou experiencia profesional específica e impóñense requisitos e normas de seguridade nos inmobles. Os servizos inclúen unha atención integral e personalizada de balde na modalidade de atención diúrna, de luns a venres. A nosa provincia lidera en Galicia o número de casa niño, albergando case que o 50% do total de instalacións do país. Segundo datos de setembro de 2023, Ourense contaba con 46 instalacións en funcionamento. Ulteriormente, en agosto de 2024, a Xunta de Galicia autorizou a creación de seis novas casas niño na Comunidade, dous delas nos concellos de Padrenda e Entrimo. Con estas incorporacións, Ourense conta na actualidade con 48 instalacións operativas con capacidade para acoller a 240 nenas e nenos, consolidándose como a provincia galega con maior número de instalacións.

Se ben a financiación e seguimento das casas niño recae na administración autonómica, os concellos adoitan colaborar indirectamente a prol da consolidación e éxito desta iniciativa. Os municipios informan ás familias sobre a existencia das casas niño e a súa gratuidade, asesorando mesmo a potenciais emprendedores sobre os requisitos para poñer en marcha este tipo de instalacións e tramitando os permisos e licencias necesarias. Tamén poden proporcionar locais axeitados para a instalación dunha casa niño, axudando na adaptación de vivendas e locais para o cumprimento coa normativa de seguridade e accesibilidade. Os concellos fomentan a coordinación entre casas niño e outros servizos municipais (sanitarios, educativos e sociais), organizan actividades e obradoiros que reforzan a formación e socialización dos cativos, e traballan para conformar redes de apoio. Colaboran na busca de profesionais de substitución para evitar interrupción no servizo en casos de baixa e, malia a escaseza de recursos propios, mesmo chegan a outorgar axudas complementarias para gastos de diversa índole.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- Instar á Deputación de Ourense a demandar da Xunta de Galicia un incremento no financiamento e axudas dirixidas ás casas niño, que sexa consecuente e acaído coa auténtica realidade económica e necesidades das e dos profesionais que desenvolven un servizo tan crucial no rural da provincia de Ourense.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (7) e do BNG (3), a abstención de Democracia Ourensana (2) e o voto en contra do Grupo Popular (12).

10.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR RELATIVA AO APOIO AOS EMPREGADOS DA EMPRESA FAURECIA AUTOMOTIVE ESPAÑA, SA, DO POLÍGONO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS ANTE O SEU FUTURO INCERTO.-

A esta moción presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Socialista e outra, de engádegas, do BNG, que son rexeitadas polo grupo propoñente da moción.

Dª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

Un dos motores importantes na economía galega é o da automoción. En Galicia prodúcese un de cada catro vehículos ensamblados en España, pero a pesar destes datos, o sector enfrontase a incertezas debido a electrificación, a aposta por unha mobilidade máis sostible, novas normativas e á competencia de países cun baixo custo de produción.

En concreto entre 2019 e 2023 a produción europea de automóviles caeu un 16% mentres en Asia se viu incrementado nun 12% .

Prevese un crecemento case nulo en Europa, ao tempo que no resto do mundo progresará en torno ó 9% no período 2023-2030. Estes datos non son esperanzadores para un sector desta importancia en Galicia.

En Ourense o sector da automoción é estratéxico por a súa proximidade a industria de Vigo. É unha provincia na que as empresas auxiliares da automoción teñen un peso moi importante, contamos con numerosas compañías como é a compañía Faurecia Automotive España S.A, sita no Polígono de San Cibrao das Viñas, propiedade de Forvia, a cal fabrica paneis de porta, taboleiros de a bordo, guarnicións e ebanistería para os automóviles. Conta a día de hoxe con case 300 empregados que traballan de maneira exclusiva para Stellantis. Estes empregados da compañía francesa están a ver perigar os seus postos de traballo por a caída da produción automobilística e o estancamento previsto de cara ó 2030, debido a isto non se están a renovar os postos dos que se xubilan e vanse ver reducidos inmediatamente e de forma drástica a contratación e o reaxuste de plantillas.

Ademáis disto Stellantis retirou a adxudicación dun novo vehículo a planta de Ourense trasladándoo a un país low cost e decidir de non seguir coa continuidade do Peugeot 2008, o que suporá que a carga de traballo que tiñan ata 2028 chega ao seu fin.

Son moitas as empresas que están a ver reducida a súa carga de traballo, e viven coa incerteza de se van a ter ou non pedidos de empresas como Stellantis que a pesares de beneficiarse de fondos europeos a través do PERTE do vehículo eléctrico, non reflexa o apoio en Galicia e na provincia de Ourense, se non que deslocaliza a outros países nos que a man de obra é máis barata.

No se debe permitir que un dos motores principais de Galicia e da nosa provincia se desmantele. Debemos protexelo sector fronte outras potencias, con actividade industrial e con proxectos.

ACORDOS:

- 1. Instar ao Grupo FORVIA a garantir o mantemento dos postos de traballo do persoal que actualmente forma parte da empresa.*
- 2. Instar á Xunta de Galicia que reclame ao Goberno Central que deseñe convocatorias de axudas paras o sector da automoción e industrias auxiliares que garantan o emprego de proximidade e eviten a deslocalización.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción e co voto a favor do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourense (2) e o voto en contra do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Instar ao Grupo FORVIA a garantir o mantemento dos postos de traballo do persoal que actualmente forma parte da empresa.
2. Instar a Xunta de Galicia que reclame ao Goberno Central que deseñe convocatorias de axudas paras o sector da automoción e industrias auxiliares que garantan o emprego de proximidade e eviten a deslocalización.

11.- MOCIÓN DO BNG PARA REFORZO DA PROMOCIÓN DO GALEGO DESDE A DEPUTACIÓN DE OURENSE.-

A esta moción presentouse unha emenda transaccional do Grupo Popular que é aceptada polo grupo propoñente da moción.

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

O Consello da Cultura Galega (CCG), institución pública de Galiza creado en 1983 co obxectivo de promover e difundir a cultura galega en todas as súas manifestacións e que funciona como un órgano asesor da Xunta de Galiza fixo público recentemente o informe "Competencias e usos das linguas cooficiais en España. O galego en perspectiva

comparada", que analiza a situación do galego en relación con outras linguas cooficiais do Estado.

Dito informe ofrece unha análise detallada sobre a situación do galego en comparación con outros territorios nos que tamén hai máis dunha lingua oficial. O informe destaca unha preocupante tendencia á baixa do uso e comprensión do galego entre as xeracións máis novas. Unha diminución interxeracional na capacidade de entender, falar, ler e escribir en galego que é única entre as comunidades con linguas cooficiais no Estado español. En Cataluña ou o País Vasco, obsérvase unha mellora nas competencias lingüísticas entre a mocidade, resultado de políticas educativas máis efectivas. En Galiza, pola contra, a porcentaxe de persoas con estudos superiores que falan galego é lixeiramente inferior á das que teñen un nivel educativo máis baixo, o que suxire unha menor eficacia das políticas educativas na promoción do uso do galego. Ademais, o uso do galego diminúe progresivamente entre as persoas que foron criadas nesta lingua conforme se afastan do núcleo familiar, con caídas significativas nos ámbitos laboral e educativo.

Que o galego se atopa en situación crítica, especialmente entre a mocidade, tamén o sinala o IGE ao facer público os datos de 2023. Indica o IGE que o 32,4% dos menores, de 5 a 14 anos, non sabían falar galego, o que supón un incremento de 16 puntos en 15 anos. O uso exclusivo do castelán aumentou en Galiza: 53,6% dos nenos e nenas e o 43% dos mozos e mozas entre 15 e 29 anos declaran expresarse sempre en castelán, mentres que só 7% e 11,9% respectivamente falan sempre en galego. Este escenario confirma unha substitución progresiva do galego polo castelán entre as novas xeracións.

A normalización lingüística é un proceso social que procura, ao abeiro da lexislación vixente, a xustiza no ámbito sociolingüístico, para que os galegos e as galegas poidamos manter a visión do mundo desde a óptica que só nos pode dar a lingua propia do noso país. É responsabilidade de todos e de todas contribuírmos a manter a diversidade e a riqueza lingüística e cultural do mundo dándolle continua vida ao galego, para que poidamos ollar, imaxinar, vivir e describir as cousas, os feitos ou as ideas con óptica propia e desde a lingua xenuína que aquí se foi creando, e para que poidamos facelo con normalidade.

O proceso de normalización lingüística, para que sexa efectivo, debe ser asumido pola cidadanía, mais as administracións públicas teñen a obriga legal e a responsabilidade social de apoiar e promover ese proceso, para o que deben implementar políticas lingüísticas activas.

Para isto, as administracións locais xogan un papel fundamental, principalmente por seren as administracións máis próximas á cidadanía, coas que a xente ten unha maior relación e

contacto frecuente, e as que desenvolven accións e xestionan os servizos máis próximos á veciñanza.

E, deste xeito, as deputacións, que deben ter como finalidade principal a de colaborar e cooperar na xestión da actividade municipal, deben asumir tamén as súas responsabilidades e obrigas no ámbito da normalización lingüística, impulsando, colaborando e cooperando cos concellos para que estes poidan contar con servizos e desenvolver accións e medidas de cara ao fomento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais.

Para desenvolver e implementar as súas políticas en calquera ámbito, os concellos dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística teñen departamentos de urbanismo, para desenvolveren as políticas culturais teñen departamentos de cultura, para desenvolveren as políticas sociais crean departamentos de servizos sociais... E no ámbito da política lingüística eses departamentos técnicos son os servizos de normalización lingüística (SNL).

Os servizos de normalización lingüística comezaron a crearse en Galicia a raíz da Lei de normalización lingüística (1983), da Asemblea de Alcaldes de Compostela (1984), da Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais (1988) e da primeira convocatoria de subvención para corporacións locais para a creación de servizos de normalización lingüística municipais (1991).

O obxectivo principal dos SNL debe ser o de procurar o incremento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais, para o que deben ter, resumidas, as seguintes funcións. funcións xerais internas: asesorar a Administración en todo o relacionado coa política de fomento do uso e prestixio do galego, velar polo cumprimento da lexislación en materia lingüística, asesorar para que se teñan en conta e propor criterios lingüísticos normalizadores transversais en accións de todas as áreas municipais, etc.; dinamización lingüística: planificar, xestionar e avaliar programas, accións, campañas, liñas de información e axuda, etc., para o fomento da lingua no conxunto da cidadanía e nos diversos ámbitos e sectores: deporte, asociacionismo, hostalaría, comercio, festas, lecer, empresa, etc.; formación (socio) lingüística: planificar, xestionar e difundir programas de formación lingüística e sociolingüística, difundir materiais, recursos, lexislación lingüística, etc; e asesoramento lingüístico: mellorar a calidade lingüística e comunicativa das entidades, resolver dúbidas lingüísticas, ofrecer apoio para o uso do galego, etc.

As deputacións como administracións públicas que son, deben usar a lingua galega nas súas accións, intervencións e comunicacións, para cumprir coa obriga legal e responsabilidade social.

Mais o seu papel con respecto á normalización lingüística debe ir, loxicamente, moito máis aló do uso do galego, e debe basearse, principalmente, e atendendo ás súas funcións, en impulsar, colaborar e cooperar cos concellos da provincia para que estes poidan contar con servizos e desenvolver accións e medidas de cara ao fomento do uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais dos municipios.

Actualmente a Deputación de Ourense conta cun orzamento para a promoción do galego de 105.516,42 € correspondente a dúas prazas de tradutores de lingua Galega, unha delas vacante; 5.000 € para arrendamentos e cánones e 1.000 € para utensilios do gabinete. En total 111.516,42 €, un persoal e uns fondos evidentemente insuficientes para afrontar unhas tarefas tan amplas e diversas como as anteriormente mencionadas.

Por iso desde o grupo provincial do BNG propomos os seguintes acordos:

ACORDOS

1. Instar á Deputación de Ourense a que se cree un programa de cooperación con concellos para o fomento do galego desde os concellos, para que estes poidan contar con servizos de normalización lingüística co obxectivo de incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais dos municipios e comarcas. Para que sexa efectiva, propoñemos que esa liña de cooperación cumpra os seguintes requisitos básicos:

a. Que sexa un programa plurianual que, polo tanto, garanta un mínimo de estabilidade e continuidade no traballo a prol da lingua. Propomos que sexa trianual.

b. Que se dirixa a concellos medianos, de entre 5.000 e 20.000 habitantes para procurar que poidan contar con SNL propio, mais tamén a concellos pequenos, de maneira que se fomente que estes compartan SNL con municipios limítrofes que sumando aos seus habitantes cheguen, como mínimo, a esa poboación duns 5.000 habitantes.

c. Que se asigne unha contía económica suficiente para impulsar realmente a creación e mantemento dos SNL. Propomos que se lle dedique unha contía que rode os 20.000 euros anuais para cada SNL.

d. Que o programa estableza o obxectivo básico dos SNL (o incremento do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais), as súas funcións (xerais internas, de dinamización lingüística, de formación e de asesoramento) e os criterios mínimos consensuados en canto a categorías profesionais, perfís, etc.

e. Que o programa inclúa medidas e mecanismos que faciliten a coordinación e accións conxunta entre os diferentes SNL.

2. Instar á Deputación de Ourense a que o Servizo de Normalización Lingüística ademais da acción normalizadora no seo da propia entidade, sexa o organismo técnico encargado de

planificar accións de fomento do uso e prestixio do galego para seren implementadas en colaboración cos SNL dos concellos e outras entidades, para que así cheguen ao maior número de ámbitos, sectores e cidadáns e cidadás posible, e de xeito planificado e coordinado.

3. Instar á Deputación de Ourense a crear un plan de actuación e/ou regulamento transversal para o fomento da lingua a través do que se establezan criterios lingüísticos e medidas transversais en todas as súas accións e áreas de actuación, de xeito que con todas elas se procure o incremento social do uso e prestixio do galego. Esas medidas e criterios lingüísticos básicos proponse que se teña en conta tanto en accións propias que a deputación desenvolva en todas as súas áreas como naquelas bases ou criterios que se apliquen á hora de conceder subvencións, de asinar convenios, de concesionar servizos, etc.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a emenda transaccional presentada polo Grupo Popular e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

- 1) Instar á Deputación de Ourense a que se cree un programa de cooperación con concellos para po fomento do galego desde os concellos, para que estes poidan contar con servizos de normalización lingüística, ou levar a cabo actividades de dinamización lingüística, co obxectivo de incrementar o uso e prestixio da lingua galega en todos os ámbitos sociais dos municipios e comarcas. Para que sexa efectiva propoñemos que esta liña de cooperación cumpra os seguintes requisitos básicos:
 - a) Que sexa un programa plurianual que, polo tanto garanta estabilidade e continuidade no traballo a prol da lingua, converténdose nun dos programas de referencia desta Deputación na cooperación cos concellos.
 - b) Que sexa un programa dirixido a concellos medianos, de entre 5.000 e 20.000 habitantes, ou a cabeceiras de comarca, e que sexa un programa aberto tamén a agrupacións de concellos mais pequenos que sumen a lo menos 5.000 habitantes, de xeito que poidan beneficiarse todos aqueles concellos da provincia que desexen participar, ben sexa para crear ou manter servizos de normalización lingüística, ou para levar a cabo actividades de dinamización lingüística que busquen fomentar o uso do galego nos diferentes ámbitos e espazos de socialización.

- c) Que se asigne unha contía económica suficiente para desenvolver o programa, de xeito que se poida chegar a unha achega que rode os 10.000 € anuais para cada entidade local beneficiaria, ben sexa como concello con mais de 5.000 habitantes, cabeceira de comarca, ou agrupación de concellos. Esta axuda poderá empregarse para creación e mantemento de servizos de normalización lingüística ou para levar a cabo actividades de dinamización lingüística que busquen fomentar o uso do galego nos diferentes ámbitos e espazos de socialización.
 - d) Que o programa estableza como obxectivo fundamental o incremento do uso e prestixio do galego en todos os ámbitos sociais. Ben sexa a través da creación de servizos de normalización lingüística nas entidades locais, ou a través da realización de actividades de dinamización lingüística que busquen fomentar e prestixiar o uso da lingua galega.
- 2) Instar á Deputación de Ourense a que o Servizo de Normalización lingüística ademais da acción normalizadora no seo da propia entidade, colabore con outros departamentos da institución, nomeadamente a área de cultura, na planificación e desenvolvemento de accións de fomento do uso e prestixio do galego, de xeito que exista unha estratexia planificada e coordinada para que as actividades de dinamización lingüística cheguen ao maior número de ámbitos, sectores e cidadáns posible.
 - 3) Instar á Deputación de Ourense a crear un plan de actuación ou estratexia para fomento do uso do galego en todo o territorio da provincia. Esta estratexia deberá establecer criterios lingüísticos e medidas transversais en todas as áreas de actuación da Deputación, de tal xeito que se procure o incremento social do uso e o prestixio do galego. Estas medidas teranse en conta tanto na acción propia da Deputación como naquelas bases ou criterios que se apliquen á hora de conceder subvencións, de asinar convenios ou de concesionar servizos, sempre consonte á normativa vixente.

12º.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se presentan.

13º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986,

do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de xaneiro de 2025.

Os membros da Corporación quedan informados.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as intervencións que se recollen integramente no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14](#)

E, ás 14.23 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

`<iframe width="560" height="315"`

`src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2025/02/28/Grabando_en28-02-`

2025/video_202502281004000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer;
autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>